

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP SAN FRANCISCO JAVIER



ÍNDICE

1. FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DAS NORMAS SOBRE CONVIVENCIA

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

a. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

b. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.

c. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.

5. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 30.2 DA LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO.

6. CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN A SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.

a) Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias.

b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.

c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

7.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN E INCUMPRIMENTO DELAS

8. ESTABLECEMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO

9. AS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICIÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS E O PLAN DE ACTUACIÓN E, DE SER O CASO, DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA OU DA ESCOLA DE NAIS E PAIS.

10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

11. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

12. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

LIMIAR

O **informe Delors** sinala como unha das finalidades fundamentais do sistema educativo “aprender a convivir”. O sistema educativo ten aquí un reto importante, xa que debe formar a seres capaces de afrontar de forma creativa e positiva os desafíos da sociedade actual: a violencia, á tendencia ao pensamento único, a interculturalidade...

Así pois, podemos considerar que **a convivencia escolar** é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O **plan de convivencia** é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente e, por iso, o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia así como dos decretos que as regulan, como na nosa comunidade Autónoma a través do D. 8/2015, do 8 de xaneiro. Dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

No noso caso partiremos dun estudo do noso contexto e baseándonos na lexislación vixente propoñeremos distintas vías para favorecer a mellora do nivel de convivencia no centro e a resolución pacífica dos conflitos, fixando protocolos de actuación para as situacións que se dan ou se poidan dar; servindo, por tanto, como medio de prevención de actitudes ou condutas contrarias á convivencia.

Por outra parte, como un documento máis do Proxecto Educativo do Centro, estará, e está, intimamente vinculado con outros que forman parte do PEC:

- ♣ Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC)
- ♣ Plan de Acción Titorial (PAT)
- ♣ Plan de Orientación (PO)
- ♣ Plan Xeral de Atención a Diversidade (PXAD)
- ♣ Plan de Acollida (PA)

1. FINS E PRINCIPIOS INFORMADORES DAS NORMAS SOBRE CONVIVENCIA

As normas sobre convivencia nos centros docentes establecidas na lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, oriéntanse aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lle corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN

2.1 Datos do centro.

Trátase dun centro de titularidade pública. Os seus datos referenciais son os seguintes: Denominación:

CEIP *San Francisco Xavier*

Enderezo: Ronda de Outeiro, 72

Tfno: 981 290635

Código de centro: 15025025

Correo electrónico. ceip.sanfrancisco@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanfrancisco/>

2.2 Características do centro e do seu contorno.

O CEIP *San Francisco Xabier* é un centro público que está situado no barrio da Cubela, na cidade da Coruña. As familias pertencen á clase media na súa maioría e media alta nalgúns casos, procedentes dun medio considerado como urbano.

O centro ten, ano tras ano, unha alta demanda para poder formalizar a matrícula o que deriva nun alto número de alumnado tanto a nivel global como por aula, chegando moitas veces a ter superado en case todos os grupos-clase as ratios oficiais establecidas. Este curso tivemos arredor de 490 alumnos/as.

2.3 Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

É recoñecida a importancia social, legal e pedagóxica dos espazos e dos tempos escolares. E son estas dúas dimensións básicas no tratamento da mellora da convivencia.

Espazos humanizados deriva en espazos de mellor convivencia e máis positiva

A necesidade de ampliación das instalacións do centro nos últimos anos por mor de cambios organizativos e da alta demanda que temos foi un dos factores que máis condicionou a organización e xestión do centro.

Nestes últimos cursos isto nos permitiu contar con novos espazos e mellorar a organización e funcionamento xeral; nova ubicación do Dpto. de orientación, habilitación de espazos para traballar os especialistas do propio Dpto., nova ubicación do local do ANPA, reestruturación e mellora da biblioteca, elemento esencial nas dinámicas que se establecen a cotío.... Para este curso vindeiro proxéctase a cuberta dun espazo do patio exterior, obra moi necesaria e que tanto tempo levamos solicitando, xa que na actualidade non contamos con ningunha instalación acondicionada minimamente que permita gozar dos recreos e tempos de lecer exteriores cando as condicións meteorolóxicas son adversas.

Tamén fixemos diversas melloras no espazo de comedor así como na súa organización e xestión que deron lugar a unha mellora no seu funcionamento. E tamén se acondicionou unha aula de psicotricidade interior que cubre un tanto as deficiencias de espazos para estes ámbitos de acción. Por último, destacar a mellora na humanización do espazo porche da entrada principal, coa pintura dun gran mural moi significativo e alusivo.

Neste senso e dende o sentemento de que na mellora da convivencia inflúe enormemente a satisfacción persoal cos espazos onde o cidadá se move, cremos que é moi importante seguir acondicionando e mellorando os mesmos. Tanto exterior como interiormente e isto deberémolo facer coa implicación e compromiso de tódolos membros da comunidade educativa, docentes, persoal de servizos, familias e sobre todo os principais protagonistas. Unha escola de hoxe nunha cidade que aspira a estar na cualificación de “cidade educadora”, debe amosar especial interese pola “humanización dos espazos”. Para concretar máis polo miúdo no aparatado de obxectivos figuran os que se corresponden con esta idea.

2.4 Estado das relacións e da participación na vida do centro.

O noso centro conta na actualidade con preto, como xa dixemos, de 500 alumnos/as de Educación Infantil e Primaria. Durante os últimos anos véñense incorporado alumnos inmigrantes procedentes de países hispanoamericanos na súa maioría e tamén de Europa. Ao non contar con servizo de transporte escolar o contacto e comunicación entre os distintos sectores da comunidade educativa soe ser fluído e constante, a pesar de que en moitas familias os seus membros traballan ámbolos dous. A Asociación de Nais e Pais participa e colabora, de xeito importante, nas iniciativas e na vida do centro. Colabora na prestación do servizo de Mañanceiros e de comedor escolar ao tempo que organiza as actividades extraescolares das tardes realizando un variada oferta das mesmas que se complementan coas ofertadas polo Concello da Coruña e outras organizacións e entidades de diversa índole.

Debemos de comentar que o centro conta, na actualidade, cunha plantilla de profesores y profesoras pouco estable xa que tan só un terzo teñen acadado destino definitivo e, nalgúns casos, non están nin no centro por estar en “Comisión de Servizo” noutros destinos. Hai 13 unidades de primaria e 6 de infantil, con 5 docentes especialistas, profesorado de PT e de AL e Orientadora. Forman un colectivo de profesoras y profesores con boas cualidades profesionais e que se poden complementar uns/has aos outros/as. En xeral, hai unha boa disposición para participar nas iniciativas que se propoñen.

Nos últimos anos houbo unha formación do profesorado importante orientada, basicamente, no uso das novas tecnoloxías e na temática da convivencia escolar. Así mesmo o centro participa nunha serie de proxectos (proxectos de formación en centro, participación no Plan Proxecta, en contratos- programa,...) cun aceptable índice de participación, o que supón un indicador claro do interese polo perfeccionamento e compromiso profesional.

2.5 Conflitividade detectada no centro.

Non existe conflitividade salientable na relacións que se dan no centro. Tampouco as familias presentan una problemática determinada que provoque tensións o xere intervencións educativas especiais. Tan só casos puntuais que se abordan a través da posta en marcha dos diversos protocolos establecidos no centro e, tamén, coa intervención da comisión de convivencia, tal e como é preceptivo.

Asemade e como referente pódese contabilizar a enquisa da Consellería que se adxunta a modo de resumo no anexo I

2.6 Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

As actuacións que se veñen realizando encamiñanse ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor, tratar de prever os conflitos e, de aparecer, resolvelos a través da participación, boas canles de comunicación e evitar que deriven en problemas de conduta.

Lévanse a cabo actividades como a participación no Plan Director de Convivencia, de uso responsable das TIC's como Navega con Rumbo, programas de habilidades sociais desde o Departamento de Orientación,

...

En relación coa efectividade das actuacións, como xa se sinalou, non existe conflitividade salientable na relación do centro coas familias nin co alumnado. Tampouco as familias presentan unha problemática

determinada que provoque tensións ou xere intervencións educativas especiais.

2.7 Resultado da enquisa levada a cabo en decembro 2015.

Os resultados da enquisa realizada aos distintos sectores da comunidade educativa mostran un moi bo clima de convivencia no centro.

Haberá que continuar as actuacións de carácter preventivo para tratar así de manter e, na medida do posible, mellorar o clima de convivencia.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- a) Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- b) Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) Previr e tratar axeitadamente as situacións de acoso escolar.
- d) Recoñecer ao profesorado e aos membros do equipo directivo do centro as facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia.
- e) Corresponsabilizar ás nais e pais ou ás titoras ou titores no mantemento da convivencia no centro, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) Humanizar os espazos, para adecualos a unha comunicación máis cercana, a unhas relacións máis humanas e conseguir que o alumnado disfrute e se integre de xeito agradable no mesmo.

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

As **normas básicas de convivencia** do centro parten dos valores que a comunidade educativa, no marco da legalidade vixente, considera fundamentais para a educación e para a convivencia no Proxecto Educativo.

Estas normas básicas de convivencia, recollidas nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia convértense, deste xeito, nun instrumento para a consecución dos principios educativos do centro xa que:

- ❖ Permiten crear oportunidades para respectar a diversidade e as diferenzas.

- ❖ Contribúen a desenvolver a autonomía moral, a participación democrática e a educación cidadá.
- ❖ Constitúen o marco de participación na vida do centro.

a. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

A **acción titorial** constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases para a convivencia no grupo e, por extensión, na vida do colectivo total do alumnado. A **capacidade do titor/a** para canalizar e resolver os problemas relacionais, así como para crear un clima afectivo e integrador na aula na que teñan cabida todos e cada un dos alumnos/as do grupo, representa o factor máis influínte na configuración das relacións persoais e é o elemento clave sobre o que pivota o resto das actuacións con outros sectores da comunidade escolar.

A **organización da aula**, as estratexias de comunicación que se establecen con cada profesor/a, os vínculos relacionais, o axuste curricular e as adaptacións curriculares, as normas de aula e as rutinas que o/a titor/a utiliza no desempeño das súas tarefas son os elementos dun fenómeno interactivo que vai determinar substancialmente o proceso da convivencia no centro.

➤ **Medidas de mellora no grupo-clase:**

Aínda que estas medidas enmárcanse esencialmente na **Acción Titorial**, é conveniente que constitúan un referente metodolóxico unificado e xeneralizado para todo o profesorado co fin de evitar mensaxes incoherentes ou contraditorios que sexan prexudiciais para a consecución dos obxectivos fixados:

- ❖ Fomentar a aprendizaxe cooperativa.
- ❖ Reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas entre o alumnado.
- ❖ Favorecer a autoestima e autoconceito positivo cando se detecten situacións de infravaloración.
- ❖ Crear un clima de confianza aceptando as suxestións dos nenos/as.
- ❖ Rexeitar as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.
- ❖ Establecer normas claras de funcionamento na aula e no centro cunha formulación positiva.
- ❖ Fomentar a participación en tarefas e responsabilidades do centro.
- ❖ Buzón de suxestións e queixas: Trataríase de establecer un buzón ou caixa onde o alumnado poida depositar información que sirva para canalizar as súas suxestións, inquedanzas, problemas, queixas ou observacións en xeral. Estas manifestacións serían confidenciais e poderían servir, en certa medida, para obter datos de posibles situacións conflictivas que subxacen e que non son perceptibles na primeira ollada. Algúns nenos/as non sempre teñen estratexias suficientes para resolver os seus problemas ou inquedanzas, ou para verbalizalas na aula. Esta actividade deberá ser previamente informada e traballada no marco da titoría, para que sexa utilizada de forma rigorosa. O alumnado non debe valer-se deste sistema para transmitir información intranscendente ou banal que constitúa unha perda de tempo innecesaria e desvirtúe o seu carácter participativo, consultivo e de prevención. A información recollida trasladaríase aos responsables vinculados coa mesma para tratar de resolver

e/ou determinar actuacións de mellora.

❖ Mellorar o aspecto físico dos espazos para lograr que o centro se sinta como algo propio e co que paga a pena implicarse, e, buscar esa mellora dos espazos de forma que facilite a comunicación, e as relación máis humanas (participación do alumnado nos concursos de ideas que axuden nesta mellora: pintada de paredes, tipoloxía de xogos de patio-deseño e pintada-, decoración das portas das aulas....)

b. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.

O proceso formativo susténtase nunha estreita colaboración entre escola e familia sen a cal resulta difícil e en ocasións inútil o esforzo educativo. Consideramos que as seguintes son propostas necesarias de cooperación a ter en conta polas familias:

- ♣ Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- ♣ Exercicio da autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- ♣ Cooperación co centro en casos de indisciplina, agresividade, etc.
- ♣ Colaboración co centro no proceso de ensino aprendizaxe e de integración escolar.
- ♣ Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos/as.
- ♣ Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto cara aos demais.
- ♣ Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a poñerse no lugar do outro e a controlarse emocionalmente.
- ♣ Impedir que os fillos/as accedan a contidos da TV, videoxogos ou Internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- ♣ Evitar a sobreprotección dos seus fillos/as
- ♣ Revalorizar o centro escolar como un espazo de ensino e de formación.

Estas propostas materializaranse en documentos (folletos, presentacións,...) que se porán a disposición da comunidade educativa.

c. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia.

- ◆ Circular informativa ao inicio de cada curso. A dirección do centro remitirá ás familias unha circular informativa lembrando as principais normas de organización e funcionamento do centro. Unha copia das normas do centro entregárase a cada familia no momento de formalizar a matrícula e tamén estará dispoñible a través da web do centro.
- ◆ Reunións informativas titores-familias. Información ás familias ao principio de cada curso sobre o Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do centro. Equipo directivo e

titorías.

- ◆ Titorías. Información, difusión e debate a principios de curso sobre o Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento co alumnado.
- ◆ Campañas de sensibilización en diversas dimensións que traten o tema.
- ◆ Plans de formación centrados en temáticas relacionadas coa convivencia positiva.

5. O PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 30.2 DA LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO

As dinámicas de funcionamento, tanto do grupo amplo que forma o alumnado do centro coma do grupo limitado á aula, poden favorecer relacións negativas como o acoso. Outros conflitos escolares non son acoso; meterse un co outro de xeito amigable e sen intención de facer dano ou as discusións e incluso as pelexas entre alumnado a un mesmo nivel; situados, polo tanto, nun equilibrio de forzas. Moitos modelos que reproduce o alumnado, sobre todo de series televisivas e videoxogos, son comportamentos aprendidos que hai que canalizar de forma normalizadora.

É importante, xa que logo, diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

As medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar así como as propostas de actuacións de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este figuran no Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, que está incluído no NOF do centro.

Protocolo de acoso, enlace a páxina web da Consellería: <http://www.edu.xunta.es/portal/node/9678>

6. CONCRECIÓN, EN CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS, DAS MEDIDAS OU DOS PROGRAMAS, DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES, DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DOS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN A SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.

a) Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias.

As actividades de acollida teñen como finalidade facilitar o proceso de escolarización, a adaptación e a integración do alumnado de novo ingreso no centro ao entorno escolar.

Para o alumnado de educación infantil que se incorpora ao sistema educativo existe un Plan de Adaptación específico. Para o restante alumnado que se incorpore ao centro as actuacións a realizar terán

como obxectivos:

- ♣ Axudar ao alumnado e as familias a integrarse plenamente no centro.
- ♣ Atender as necesidades educativas e comunicativas se as houberse.
- ♣ Favorecer no centro un clima de convivencia, respecto e tolerancia.

Elaborarase un **protocolo** coas actuacións que a continuación se detallan:

1. Equipo Directivo:

- ✓ Establecer o primeiro contacto coa familia para facilitarlles información sobre o sistema educativo e coñecer o centro.
- ✓ Traslado de información ao profesorado que atenda aos alumnos e alumnas. Asemade, se fose preciso, ao Dpto de Orientación.
- ✓ Apoio e colaboración en cuestións sociofamiliares.

2. Departamento de Orientación:

- ✓ Orientar e asesorar na elaboración, seguimento e avaliación do Protocolo.
- ✓ O orientador/a asesorará sobre as actuacións e decisións de carácter pedagóxico e psicolóxico.

3. Titor/a:

3.1.- Coa familia

- ✓ Solicitar, nunha primeira entrevista, a información necesaria.
- ✓ Facilitar á familia a información que necesite.
- ✓ Establecer coa familia pautas para un contacto constante e frecuente co centro.

3.2.- Co resto do profesorado:

- ✓ Traslado de información.
- ✓ Solicitar datos do profesorado.
- ✓ Canalizar as relacións profesorado-familias

3.3.- Co alumno/a:

- ✓ Recibir ao alumno/a.
- ✓ Determinación do seu nivel de competencia lingüística no caso de alumnado procedente do estranxeiro. Se fose preciso contaría co Dpto de orientación.
- ✓ Realizar a avaliación inicial (valoración da súa escolarización previa e das súas habilidades básicas en lectoescritura e matemáticas e as posibles necesidades específicas). E cubrir as aplicacións informáticas ao efecto.
- ✓ Servir de enlace e referente co profesorado e os compañeiros/as.
- ✓ Mostrar o centro, normas, pautas de comportamento e de traballo.
- ✓ Informar sobre actividades e situacións escolares que poidan resultar novidosas.

- ✓ Facer participar activamente ao alumno/a en aqueles aspectos nos que sexa competente

3.4.- Co grupo:

- ✓ Informar sobre o novo compañeiro/a.
- ✓ Se fose preciso botar man da “figura de alumnado acompañante”.
- ✓ Organizar actividades que faciliten a súa integración escolar e afectiva.
- ✓ Seguemento do proceso de integración
- ✓ Adaptar a resposta educativa ás necesidades do alumno/a (solicitando a colaboración necesaria).

Profesorado:

- ✓ Proporcionar un trato afectuoso.
- ✓ Aportar información ao titor/a.
- ✓ Explicación de pautas e normas de comportamento.
- ✓ Ter en conta unha visión global de todas as actividades e persoas que inciden no proceso de adaptación.

4. Criterios de adscrición ao grupo:

En principio adscribirase ao alumno/a ao nivel que lle corresponda segundo o certificado de escolarización do centro de procedencia que achegue a familia. No alumnado procedente do estranxeiro, o/a orientador/a realizará a correspondente proposta de escolarización atendendo ao disposto na normativa.

5. Actuacións na aula:

- ✓ Informar ao grupo sobre o novo compañeiro/a de forma que comece o proceso de aceptación. De proceder do estranxeiro: do seu país de orixe, a lingua que fala, informar ao grupo no coñecemento das posibles pautas culturais disonantes coas nosas, explicándoas no seu contexto. Buscar e procurar materiais que poidan favorecer a inclusión grupal nestes casos.
- ✓ É conveniente avaliar e examinar de cando en vez colectivamente o proceso de integración do novo compañeiro/a, detectando posibles dificultades e fixando tarefas para corrixilas.
- ✓ Aceptar o proceso coñecido como "etapa silenciosa" pola que pasan moitos alumnos/as que se ven inmersos neste proceso.
- ✓ Abordar de xeito inmediato situacións de rexeitamento, xenofobia ou discriminación que poidan darse, sexa no grupo ou fóra da aula, para atallalas o máis rapidamente posible e tratar de cambiar a actitude do alumnado implicado.

b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.

- ✓ Programas de habilidades e competencias sociais. Realizaranse desde o Departamento de Orientación.
- ✓ Plan Director de Convivencia. Charlas dirixidas ao alumnado e á comunidade educativa sobre o acoso escolar.

- ✓ Actividades dirixidas ao alumnado sobre navegación segura en Internet e uso responsable das novas tecnoloxías.
- ✓ Calquera outra iniciativa propia do centro ou achegada por institucións e organismos significativos.

c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

O compromiso da tarefa formativa de desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica dos conflitos, lévanos necesariamente a suscitarnos o respecto da igualdade de sexos.

A **educación para a igualdade** entre homes e mulleres debe ocupar un lugar preeminente na educación en valores que pretendemos, pois hoxe é máis urxente que nunca inculcar a necesidade do rexeitamento ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo.

A educación escolar debe contribuír a que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación polo xénero, de analizar as súas causas e de actuar eles mesmos á súa vez de acordo con estes valores igualitarios.

A escola debe ofrecer alternativas ao sexismo existente na sociedade, debe ser unha escola xusta e, polo tanto, coeducativa. Debe aplicar a perspectiva de xénero nas accións diarias do centro.

Accións dirixidas á comunidade escolar:

- ✓ Sensibilizar e concienciar ás alumnas no interese polo coñecemento científico-tecnolóxico co fin de ampliar os campos posibles de elección nas súas expectativas profesionais.
- ✓ Realización de actividades de divulgación e/ou formación (charlas, talleres, etc.) sobre coeducación e dirixidas á comunidade educativa.

Accións no centro:

- ✓ Reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre o alumnado de ambos sexos.
- ✓ Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais, etc.).
- ✓ Criterios de selección de textos e materiais curriculares que contemplan un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.).
- ✓ Tratar de erradicar os comportamentos e actitudes relacionais entre o alumnado que non sexan igualitarios. Romper desde a aula os estereotipos sexistas.
- ✓ Encauzar o rol de protagonismo que ostentan os varóns cara a situacións de liderado compartido e relacións afectivas coas súas compañeiras.
- ✓ A perspectiva de xénero debe estar incluída e debe ser tida en conta en todas as áreas. O labor máis importante respecto diso desenvólvese obviamente na titoría; con todo, o compromiso debe ser asumido por todo o profesorado. As actuacións educativas serán máis efectivas canto máis interiorizadas estean polos equipos educativos.

- ✓ Enfrontar o tema da violencia cara ás mulleres. Debemos abordar este tema como un compromiso social e educativo. A escola non pode mirar cara a outro lado e reforzar as ideas que sustentan a violencia contra as mulleres. A violencia de xénero non é un problema que afecta ao ámbito privado senón que é unha expresión extrema e brutal dunha desigualdade subxacente na nosa sociedade, sustentada nunha violencia cultural e estrutural que debe ser combatida en varios ámbitos simultaneamente: xudicial, policial, sanitario, medios de comunicación, publicidade, pero sobre todo no ámbito da educación.
- ✓ Impulsar actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado (talleres, charlas, conmemoracións, etc.).
- ✓ Colaborar con outras institucións e organismos para ofrecer recursos e actividades sobre coeducación.

d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

- ✓ Celebración de datas que sensibilicen a toda a comunidade educativa nos valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, o respecto, o diálogo, a resolución de conflitos de forma pacífica e a non violencia: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Día escolar da non Violencia e da Paz, Día Internacional da Muller,...

e) Medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

- ✓ Departamento de Orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.
- ✓ Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o Departamento de Orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, aos servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas. Estará baixo a supervisión e seguemento da Xefatura de estudos.

O recreo e o xogo:

O período de recreo é un dos momentos onde se producen con frecuencia incidencias ou conflitos entre o alumnado. O patio de recreo é o espazo de xogo que os nenos e nenas utilizan fóra xa dos límites da aula para establecer vínculos relacionais máis libres e onde a interacción con outros grupos é maior. Por este motivo poden xurdir conflitos case sempre ocasionados pola confluencia de intereses, os problemas de

integración social, a competitividade e as rivalidades persoais, a agresividade, etc.

É por iso que resulta tamén un espazo educativo proveitoso onde se establecen unhas normas de funcionamento claras e precisas que todo o profesorado debe aplicar de forma xeneralizada e coordinada. Para iso debe haber unha organización definida de uso dos espazos de xogo. Esta organización recollerase nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

Asemade atenderase á organización de centro na propia PXA en canto ao cupo de gardas e lugares de vixilancia e de especial consideración.

No senso de procurar ir na dirección do aproveitamento educativo do “tempo recreo”, iranse facendo propostas de mellora da convivencia nese espazo e tempo: plan lector, plan de actividades complementarias, xogos cooperativos, xogos tradicionais...

7.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO COA CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN E INCUMPRIMENTO DELAS

A concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa recolleranse nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOF).

Un exemplar destas Normas entregarase a cada familia no momento que formalice a matrícula no centro, ademais estará dispoñible na páxina web para consulta e descarga de calquera integrante da Comunidade Educativa.

Protocolo para a detección e incumprimento das Normas de Convivencia.

- ✓ Nas sesións de avaliación, dentro do apartado de avaliación da práctica docente e do proceso de ensino-aprendizaxe, valorarase o grao de cumprimento das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia en cada grupo, achegando na acta, se as houbese, as conclusións e as propostas oportunas.
- ✓ Nas reunións da C.C Pedagóxica determinarase e farase un seguemento do grao de cumprimento das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro
- ✓ Nas reunións periódicas da Comisión de convivencia levarase a cabo tamén o oportuno seguemento e avaliación.

8.- ESTABLECEMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN AO SEU INCUMPRIMENTO

A **concreción e medidas de corrección das condutas contrarias** á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento recolleranse nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. Ámbolos dous procedementos deberán axustarse ao disposto no capítulo IV do título III do

Decreto 8/2015.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III do Decreto 8/2015, poderase utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

Mediación escolar

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións. De implantarse no centro a mediación escolar requirirá un proxecto específico no que se deberán ter en conta as **seguintes cuestións**:

- ✓ Os equipos de mediación estarán formados por alumnos de 5º e 6º cursos de primaria de xeito que se facilite a formación e continuidade en cursos sucesivos.
- ✓ A participación nos equipos de mediación terá carácter voluntario e requirirá unha formación específica previa.
- ✓ Só se derivará un conflito cara a mediación se as partes así o deciden.
- ✓ As actuacións e o seu seguimento realizarase a través do Departamento de Orientación.
- ✓

9. AS NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO, A SÚA COMPOSICIÓN, A PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS E O PLAN DE ACTUACIÓN E, DE SER O CASO, DA AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA OU DA ESCOLA DE NAIS E PAIS.

Funcións da Comisión de Convivencia:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e

das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

A Comisión de Convivencia estará integrada por:

- ❖ Director/a do centro
- ❖ Xefe/a de Estudos.
- ❖ 2 representantes do profesorado.
- ❖ 2 representantes de nais e pais.

A Comisión de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia

A Comisión de Convivencia elaborará, ao inicio de cada curso escolar, un proxecto coas actuacións anuais do Plan de Convivencia que se incorporará á Programación Xeral Anual.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do Plan de Convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

Aula de convivencia inclusive

A **aula de convivencia inclusiva** ten como función substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a. E sempre dentro da normativa recollida no NOF do centro.

O profesorado que atenderá a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, será profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia contarase coa colaboración do Departamento de Orientación.

O Departamento de Orientación programará actuacións encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e

condutas positivas para a convivencia.

O horario e localización da aula establecerao a Xefatura de Estudos tendo en conta os espazos dispoñibles e de xeito que se incida do menor xeito posible nas actividades lectivas ordinarias. O profesorado titor coa colaboración do Departamento de Orientación facilitará o material didáctico preciso para o seu funcionamento.

Escola de Nais e Pais

O centro facilitará e colaborará na organización e desenvolvemento das actividades formativas dirixidas ás familias dos alumnos e alumnas, especialmente coas organizadas pola Asociación de Nais e Pais e de cara a acadar formación e compromisos dos pais/nais/titores legais referidos á convivencia.

Especialmente atenderanse accións relacionadas coa psicoloxía evolutiva, e as competencias relacionais, titoriais, tics...

10. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

As actuacións recollidas no presente Plan deberán levarse a cabo baixo os principios de colaboración e coordinación de todos os sectores da comunidade educativa implicados en cada unha delas.

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co establecido no presente Plan.

Os **órganos de coordinación docente** incluírán as medidas e os acordos relacionados coa convivencia nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co Proxecto Educativo do centro e a Programación Xeral Anual.

O centro establecerá a coordinación cos servizos sociais locais, así coma con outros organismos implicados, en todos aqueles casos nos que se require a intervención dos mesmos. A información que se intercambia e as intervencións máis comúns están relacionadas coa atención e o seguimento das minorías desfavorecidas, alumnado inmigrante, determinación de axudas de diversa índole, situacións de familias con dificultades, etc.

A través do departamento de Orientación coordinaranse as actuacións de acollida do alumnado que se vaia incorporar ao IES de adscrición do centro (IES de Monelos).

Control do absentismo escolar.

Coa finalidade de establecer unhas pautas elaborouse o **Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia**, que ten un carácter básico e de referencia. Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia: <http://www.edu.xunta.es/portal/node/11632>.

Mensualmente o profesorado titor achegará á Xefatura de Estudos o parte mensual de asistencia de cada grupo de alumnos.

11. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Ademais das actuacións recollidas nos distintos apartados, o Plan de Convivencia estará a disposición da Comunidade Educativa na páxina web do centro.

No momento da súa aprobación e ao inicio de cada curso a dirección do centro informará desta circunstancia, na circular de principios de curso.

12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Corresponde á **Comisión de Convivencia** o seguimento e coordinación do Plan de Convivencia. A Comisión de Convivencia reunirse, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia.

Os equipos docentes, o Claustro de profesores e a Asociación de Nais e Pais achegarán as súas conclusións e propostas de mellora para a convivencia no centro á Comisión de Convivencia.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

A Coruña, xuño 2016

Documento foi informado e valorado en session ordinaria de claustro do 29/06/2016 e na sesión do Consello Escolar do 30/06/2016

ANEXO I

Enquisa Consellería de Cultura, Educación e O.U (Decembro-2015)

1. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL

1.1. ANÁLISE E CLARIFICACIÓN CONCEPTUAL

O plan de convivencia do centro é, como xa indicou anteriormente, o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A partir da Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE), tamén segundo a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu plan de convivencia, que pasará a formar parte do proxecto educativo do centro. Así mesmo, no

preámbulo desta mesma norma dise que “ocupa un lugar relevante, na relación dos principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza”. Ademais, “proponse o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes” como un dos fins do sistema educativo, e para a súa consecución faise extensivo a todos os niveis educativos e a todos os membros da comunidade escolar o obxectivo de traballar “a convivencia e a relación social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos

1.2. ANÁLISE DO ESTADO ACTUAL DA CONVIVENCIA

No curso 2015/16, coincidindo coa constitución e posta en marcha da Comisión de Convivencia Escolar, elaboráronse dende a Consellería de Cultura, Educación e O.U uns cuestionarios en formato dixitalizado para que dende os centros foran remitidos a todos os membros da comunidade educativa profesorado, familias, alumnado e persoal non docente. Cos mesmos pretendíase obter unha visión xeral das opinións da comunidade educativa sobre distintos aspectos da convivencia no centro.

Durante o primeiro trimestre do citado curso levouse ao cabo a implementación e os envíos das respostas aos diferentes ítems e a correspondente análise en termos cuantitativos. Expóñense a continuación as principais conclusións obtidas que foron presentadas e comentadas na primeira reunión anual da Comisión de Convivencia Escolar.

1.2.1. CONCLUSIÓN DOS DATOS DAS ENQUISAS AO PROFESORADO.

Os datos obtidos nas enquisas cumprimentadas polo **persoal docente**, un total de 9, obtéñense da análise dun total de 12 ítems. Destacar que os dous primeiros dividíronse a súa vez en 1ª e 2ª parte e de que deles pódense extraer as seguintes conclusións:

No 1º dos ítems que lles cuestiona sobor do coñecemento dos documentos, ou actuacións referidos á convivencia, destacan as respostas positivas referenciando o coñecemento deses documentos. Sobre todo os *criterios 4 e 5* referidos ao NOF e a persoa responsable da convivencia do centro. As porcentaxes máis baixas recaen sobre as preguntas referidas ao “*aula de convivencia*” e aos “*equipos de mediación*”.

Así na segunda parte deste primeiro ítem consultado, que fai referencias opinións dende as titorías, tamén son os criterios 4º e 5º os que máis destacan pero tamén obtendo resultados moi similares os criterios do 6º ao 9º: P.A.T, PXAD, P.E.

O 2º deles, sobre a convivencia no centro nos tres últimos anos, tamén estaba dividido en dúas partes.

Na primeira, a modo xeral, máis da metade do profesorado preferiu marcar a opción “sen resposta”, e case unha cuarta parte, considera que empeorou lixeiramente.

Na **segunda parte** deste mesmo ítem, sobre a análise da convivencia por etapas docentes, o profesorado considera que o empeoramento foi maior na etapa de educación primaria (ao redor dunha cuarta do profesorado) que na de educación infantil. Non obstante, os valores máis altos son os de “sen resposta”, obténdose na educación infantil máis das tres cuartas partes, e na educación primaria máis da metade.

- **No 3º ítem, sobre a consideración de se no centro hai ou non problemas de convivencia**, máis da metade do profesorado considera que existen de forma puntual. Tamén existe unha clara división de opinións entre os que afirman que si hai problemas e os que opinan que non os hai.

- **No 4º ítem, preguntábase sobre a formación en materia de convivencia**. Ao redor dun terzo do profesorado considera que a formación propia en convivencia é boa. Case a metade, afirma que o coñecemento do profesorado e outros adultos do centro sobre os problemas de convivencia do alumnado é tamén bo.

- **No 5º ítem preguntábase sobre a influencia de distintos aspectos no clima escolar**. Máis de tres cuartas partes do profesorado considera que inflúe moito traballar a convivencia desde as titorías. Máis da metade, considera que inflúe moito “abordar a convivencia desde a prevención”, “favorecer a participación do alumnado”, “a formación do profesorado” e a “difusión na comunidade educativa”. Cun valor algo menor, consideran que inflúe un pouco aplicar “sancións estritas” e que inflúe moito a “aplicación sistemática e rigorosa das normas de convivencia”.

- **No 6º ítem preguntábase sobre a organización e uso dos espazos do centro: biblioteca, talleres, sala de ordenadores...** Máis de tres cuartas do profesorado considera que isto aparece regulado no NOF, e case a metade dos docentes considera que se respecta o establecido no NOF por parte dos usuarios.

- **No 7º ítem preguntábase se se coidan ou non estes espazos**, e case a metade do profesorado afirma que moitas veces, mais un cuarto considera que se coidan algunha vez; e outro cuarto, bastantes veces.

- **No 8º ítem interesaba coñecer a opinión sobre os problemas relacionados co coidado dos materiais e instalacións**. O total de respostas, aproximadamente unha cuarta parte do profesorado en cada unha delas, afirma que os problemas están relacionados coas pintadas nos aseos, mesas..., a rotura de materiais e tirar lixo ao chan.

- **No 9º ítem preguntábase sobre o coñecemento dos protocolos de mellora da convivencia**. En xeral, son valores positivos, recollidos por máis de tres cuartas partes do profesorado, como o coñecemento do PAT, a orde nas entradas e saídas, o asesoramento do DO, os partes de incidencias... e cómpre destacar a falta de coñecemento dos docentes sobre as escolas de pais/nais e sobre programas externos, así como os valores máis baixos, que se acadan no coñecemento dos programas de mediación e de procedemento conciliador.

- **No 10º ítem, sobre a resolución de conflitos, ningún docente considera que a forma axeitada de solucionarlos sexa deixalos pasar**. Á contra, máis de tres cuartas partes do profesorado, opina que son o

diálogo co alumnado e darlles consellos, as mellores opcións. Máis da metade afirma que tamén é positivo aplicar correccións, avisar ás familias e tratar o problema entre todos.

- **No 11º ítem, sobre a relación coas familias**, en xeral as respostas son positivas. Máis da metade do profesorado considera que amosan interese polo rendemento do seu neno/a de forma continuada, e case a metade opina que só amosan interese polos resultados finais, e que escoitan ao profesor chegando a acordos.

- **Por último, no 12º ítem, sobre a importancia de certas causas na conduta do alumnado**, máis de tres cuartas do profesorado afirma que inflúe bastante a formación docente en técnicas de regulación de conflitos. Máis da metade opina que inflúe bastante o aumento da tolerancia na sociedade, un pouco a facilidade coas TIC, moito o contexto social, bastante a formación pedagóxica do profesorado e as metodoloxías inadecuadas e moito os problemas familiares.

1.2.2. CONCLUSIÓNSDOS DATOS DAS ENQUISAS AO ALUMNADO.

Dos 93 cuestionarios aplicados aos **alumnos e alumnas de 5º e 6º** de educación primaria obtivéronse as seguintes conclusións:

A valoración xeral que fai o alumnado sobre a convivencia no centro é moi positiva: tres cuartas partes dos enquisados afirman sentirse *moi a gusto* no colexio e unha cuarta parte *bastante a gusto*.

A modo de análise resaltar que:

No ítem 1º, sobre cantos bos amigos ou amigas ten no seu centro, que non sexan da súa clase, respostan case unhas 374 partes do total que teñen 7 ou máis, seguindo en número de consideración o cantidade de 3 ou 4 amigos/as cun case 20%. Destacar dúas variables que fan referencia a que nas porcentaxes as diferencias entre que contesten nenos ou nenas apenas é perceptible. Asemade que todos/as manifestan, cando menos, ter algún amigo/a.

No seguinte ítem, 2º, referenciado aos amigos da clase as respostas son similares ao anterior ítem, sobre todo no rango superior – 7 ou mais -, seguindoñe na clasificación o rango de 5 ou 6. En canto ao rango menor, ningún amigo, aquí si hai unha mínima lectura de alguén, de xénero masculino, que manifesta que ten 0.

O seguinte ítem, nº 3, sobre o coidado dos materiais e as instalacións do centro; este divídese en dúas partes, **na primeira, o centro está moi coidado e non hai extragos**, unha ampla horquilla posiciónanse nas escalas de “bastante”, 35,5%, e de “moito”, 25,8; aínda que tamén en “un pouco” figura un 23%.

Na segunda parte do ítem que se cuestiona polos problemas percibidos, posiciónanse en orden descendente de preocupación: tirar o lixo ao chan (18,3%); fanse pintadas nas mesas, nas paredes, nos aseos...un 11,8 %; O chan do comedor remata todos os días cheo de lixo, os comensais non teñen coidado (10,8%), as demais variables non parecen ter tanta significatividade (ver táboa dos anexos).

No ítem nº 4º sobre a forma de resolver os conflitos de convivencia no centro ou na aula.

Un 88,8% din que os profesores e as profesoras danmos consellos; e con porcentaxes similares dun 60% e

55% din que falando entre todos, para o primeiro, e seguindo os consellos do/a orientador/a, do profesorado e do equipo directivo (director/a, xefe/a de estudos...), para o segundo. Asemade destacar que un significativo 52,7% din que falando co/a profesor/a en privado.

No 5º ítem, se cuestiona ao alumnado sobre a frecuencia de determinadas condutas no centro, que a súa vez configúrase en dúas partes, **onde a 1ª parte** fala de “**condutas positivas**” ao que as respostas que dan a cuestión primeira de “**atender as explicacións**”, a resposta máis repetida foi a de “moitas veces” (69,9%). Na seguinte de “**axudar a algún compañeiro/a nas tarefas de clase**” a franxa móvese entre “poucas veces, 34%”; “bastantes veces” cun 36,6; e “moitas veces” cun 20,04%. No criterio sobre “**cumprir as nomas**”, din nun destacable 72,4% “moitas veces”. Outro criterio dice “**evitar que traten mal aos demais**”, manifestan cun 34,4, “bastantes veces” y cun 30,1%, “moitas veces”. No seguinte criterio deste ítem, número 5º, se cuestiona sobre “**facen as tarefas que nos mandan**”, posiciónanse case un 70 % dos nenos/as. Xa no apartado “**obedecer e respectar aos profesores/as**”, os resultados indican que un 75,1 manifesta que o fan “moitas veces” e un 16,1 “bastantes veces”. En canto ao penúltimo criterio, “respectar o horario das clases” un maioritaria 78,5% din que si o fan. E para finalizar en canto ao de “**traballar en grupo**” os resultado están bastante parellos; así un 35,5 di “bastates veces”, un 33,3, “moitas veces”, e un 26,9 que contesta “poucas veces”. E de destacar que o traballo en grupos colaborativos fomenta a axuda enormemente á atención á diversidade.

En canto a **segunda parte do ítem 5º, “condutas negativas”**, dicir que na maioría dos criterios o alumnado manifesta altas porcentaxes de resposta na variable “nunca”, quedando na variable “bastantes veces” con valores menores dun 10% os criterios “Ameazar ou insultar, interromper, molestar e non deixar dar a clase ao profesorado, poñer alcumes ou rirse doutra persoa...” Citar, a modo de modelo, que se reflicte neste ítem que “roubar diñeiro ou material/cousas, tomar drogas, obrigar a algún/ha compañeiro/a a facer cousas non quere, entrar e saír da clase sen permiso...” apenas se moven entre un 0% e un 2,5%.

No seguinte ítem, nº 6, se lle pide ao alumado a súa vision dos espazos onde hai problemas de convivencia. Ao que poñen en valores altos de “nunca” en lugares como: entrar ou saír do recinto do centro, internet, aseos, clases... E, sen embargo, valores moi significativos, “moitas veces”, valores que haberá que ter en conta, recreos, aseos, corredores, entradas e saídas de clase...

O seguinte ítem 7º, sobre a condición de presunta vítima, divídese a súa vez entre tres apartados.

Na primeira parte: padeciches algunha conduta negativa, acoso, agresión ou falta de respecto?, a maioría de respostas tanto en nenas como nenos son que “non”. Sen embargo aparece un 16,1 % que no caso das nenas vaise a un 17,5%. Queda sobre un 10% senresposta.

Na segunda parte: “que fixeches cando padeciches estas situacións/condutas?”

O valor mais alto foi “**pedinlle axuda á miña familia**”, seguido de “intentei non pensar no que sucedía”, cun 53,3% (bastante significativo), e por ultimo “**pedirlle axuda aos amigos**” cun 46,7%; o mesmo que “**sentinme triste ou abatido/a**”, tamén cun 46,7%.

Na última parte deste ítem nº 7º, de que curso é a persoa que realizou este tipo de

comportamentos contigo, resalta como máis significativa e relevante a contestación cun 46,7 %, “**da miña clase**”. Siguelle en nivel de incidencia “de distintos cursos”, cun 20%, así como “**doutro curso superior**” e “**doutro curso inferior**” e coinciden cun 13,3%, tamén, as respostas “**do meu curso pero doutra clase**” e “**son persoas de fóra**”.

Avanzando xa ao **item nº 8º**, atopámonos coa pregunta “**sobre a condición de presunto/a agresor/a**”. Item que se divide en dúas partes, na que na **primeira cuestionan**, 8.1, sobre se “**o alumno/a cometeu algunha conduta negativa como faltas de respecto, agresión, acoso, etc.?**”, as respostas son maioritariamente negativas, nun 86%. Pero resulta significativo o 7,5% de resposta positiva ao item.

Na segunda parte do ítem 8º, cuestiónase ao alumnado sobre si **sufriu algunha sanción/medida correctora (castigo) no último curso?**

Ao que as respostas de “**enviado/a á Xefatura de Estudos ou á Dirección**” e – “**quedar sen recreo algún día**”, ambas cun 85,6%, foron as máis significativas. Tamén destacar en segundo escalón “**ter que facer un traballo sobre o que sucedeu, analizando o meu comportamento incorrecto**”, cun 57,1%.

Rematando, xa, co último dos ítems que se presentou ao alumnado, número 9º, dicir que a pregunta ía “**sobre as decisións que se toman na clase ou no centro**”, da que os resultados foron “**dígolle a miña opinión directamente ao profesorado**”, cun 41,9%, e outro criterio como “**digo a miña opinión na clase, en presenza do profesorado titor**”, cun 37,6%. O resto de opcións apenas acadaron un 5% como máximo calquera delas: **dígolle a miña opinión ao delegado/a de clase**, non digo a miña opinión porque creo que non me van facer caso, non digo a miña opinión porque non me interesa que a saiban, non me piden a mina opinion, e sen resposta un 3,2%.

1.2.3. CONCLUSIÓN DOS DATOS DAS ENQUISAS ÁS FAMILIAS.

Un total de 54 cuestionarios foron cumplimentados de maneira anónima polas familias e devoltos ao centro. Das súas respostas ao longo de 15 items extraéronse as seguintes conclusións:

Á 1ª pregunta sobre que estudos lle gustaría que rematase o seu fillo/a e que título acadar?

A case a totalidade dos pais/nais gustaríalles que os seus fillos/as acadasen os máximos niveis educativos, maioritariamente unha carreira universitaria.

Na 2ª cuestión sobre se coñece a existencia e o contido dos seguintes documentos ou actuacións referidos á convivencia no seu centro?

Manifestan que o grao de coñecemento dos documentos ou actuacións é baixo. Os máis coñecidos son o NOF e PEC e o PAT, pero por menos da metade dos pais/nais.

Na 3ª cuestión que se lle pregunta que se na súa opinión, a convivencia no centro educativo ao que vai o seu fillo/a nos últimos tres anos ...

Máis da metade dos pais/nais non resposta a esta pregunta. Os que si o fan, opinan maioritariamente que a convivencia mellorou.

Na 4ª se lles pregunta se consideran que existen actualmente no centro ao que asiste o seu fillo/a problemas de convivencia?

A maioría dos pais/nais non detectan problemas graves de convivencia ou consideran que só existen de forma puntual.

No 5º ítem sobre a súa formación en materia de convivencia escolar.

Aproximadamente a metade opinan que en materia de convivencia escolar ou para definir normas de comportamento na casa a súa formación é boa ou moi boa, e máis da metade considera que a formación da comunidade educativa para desenvolver actividades de lecer é regular ou boa.

Na 6ª cuestión sobre o coidado dos materiais e as instalacións do centro.

A maioría considera axeitado o coidado dos materiais e das instalacións do centro.

Na 7ª ao preguntarlles sobre a participación activa na vida do centro e as relacións coa comunidade educativa.

Practicamente todos os pais/nais acoden ao colexio cando son convocados e manifestan o seu interese no referente ao comportamento e aos estudos dos fillos/as. A maioría solicita ademais reunións cos titores. Máis da metade acada acordos co profesorado e só unha pequena parte desconfía da información que lle proporciona. Porén, son poucos os que consideran que o colexio os anima a participar na mellora da convivencia e os que colaboran en organizacións para mellorar o que sucede arredor do centro.

Case que todos consideran que coñecen ben aos seus fillos/as, falan con eles a diario sobre como lles foi o día no centro e outros temas variados. Nunha porcentaxe algo inferior, coñecen o tempo e os recursos dixitais que utilizan e opinan que na casa son comunicativos e contan as cousas que lles ocorren na clase e as cuestións que lles preocupan.

Máis da metade considera que o centro dispón de medios para transmitir información ás familias, pero só a cuarta parte pensa que dispón de espazos para promover a súa participación, e son moi poucos os que opinan que programa os tempos para favorecela. Só un terzo sinte que forma parte da comunidade escolar e algo menos da cuarta parte participa na ANPA.

No ítem 8º que se cuestiona sobre a condición de presunta vítima ou agresor.

Ningún pai/nai considera ao seu fillo/a autor dunha agresión e só unha minoría pensa que foi vítima.

No 9º ítem que se pregunta sobre se padeceu o seu fillo/a algún tipo de agresión.

Cando os seus fillos/as foron vítimas, a maioría sufriron ameazas, insultos ou agresións físicas; tamén declaran burlas, agresións verbais, mentiras ou rumores ou a exclusión do grupo, e nunha porcentaxe menor, acoso ou ciberacoso.

No ítem 10º que pregunta polas agresións que cometeu o seu fillo/a.

Como se mencionou na cuestión 8, ningún pai/nai considera ao seu fillo/a autor/a dunha agresión.

Ítem 11º, dos seguintes profesionais do centro educativo no que está escolarizado o seu fillo/a coñece a ...

A inmensa maioría dos pais/nais coñecen ao titor/a do seu fillo/a, e a maioría ao Director e á Xefatura de estudos do centro. Os profesionais menos coñecidos son os mestres/as de apoio e os coidadores/as.

No ítem 12º que se pregunta sobre se acostuman a apoiar as decisións que toma o titor/a sobre o comportamento do meu fillo/a.

Practicamente todos os pais/nais que responden afirman que acostuman apoiar as decisións do titor/a sobre o comportamento do seu fillo/a.

Na cuestión 13ª, sobre se acostuma estar informado dos eventos especiais que se realizan no centro.

Case que todos os pais/nais acostuman estar informados destes eventos.

Cando no ítem 14ª, se lles pregunta sobre se están satisfeitos co centro ao que asiste o seu fillo/a.

A maioría dos pais/nais amósanse satisfeitos.

E no derradeiro ítem desta secuencia, nº 15, sobre a reacción ante problemas dos seus fillos/as con compañeiros/as de clase

A gran maioría decántase por falar e pedir información ao titor/a e por falar co seu fillo/a.

En resumen; citar que, en xeral, as familias opinan que o colexio é tranquilo, sen problemas importantes de disciplina, e afirman sentirse a gusto co centro.

Unha maioría afirma que o seu fillo/a asiste a gusto ao colexio e máis da metade cre que o seu fillo /a ten moitos amigos/as.